

Lecturas

Da carraxe
e da paixón

PLÁCIDO LIZANCOS

O vindeiro mércores 19, ás 8 da tarde, na Galería Sargadelos da Rúa Real, poderemos gustar da presentación dun fermoso poemario, con que nos agasalla de novo o médico-poeta, Xosé Manuel Cairo Antelo. Presentarán a *criatura* outros dous vates consagrados; Miguel Anxo Fernán Vello, Xulio Valcarce e Fidel Vidal.

Da carraxe e da paixón, título significativo e simbólico, sen claves de dubidosos misterios, en bela edición, dirixida polo director literario de Espiral Maior, Fernán Vello. O poeta Dr. Cairo Antelo, amósanos a través da súa poesía unha sensibilidade pouco común, non en van é médico. Reclamado por unha profunda vivencia da linguaxe e polas avasálantes e contraditorias incitacións do home: o amor, as terribles paixóns, a carraxe, a rabia, do desexo *Non atendes a miña querencia. Non tes voz?* (páx. 56).

Posúe o libro os sinais dunha poesía existencial, moi pouco patética ou evanescente, máis ben directa e imperiosa, polas imaxes poéticas, senón tamén polo fondo psicolóxico que a nutre. No poema *XL* (páx. 58) topamos unha das máis belas definicións de amor *Amarse non é ferirse* (...), *Amarse é outra cousa/é non ignorarse*. Non é unha poesía allea ós problemas radicais da condición humana, tipo de poesía que non deixará de atraer a moitos lectores capaces de comprender as súas proxeccións estéticas e humanas.

O sexo e o amor xogan papel esencial na poesía do Dr. Cairo; pero a isto engádese o drama cotián e aniquilante do home: a escura e continua vivencia do desconcerto existente entre os soños e a realidade, hai en todos os seus poemas unha lúcida e conmovedora evocación da vida pasada, unha aproximación á tenrura do corazón en medio da abolida felicidade do mundo. Un risco dominante en *Da carraxe e da paixón* podería ser a terrible evidencia de verse desterrado en medio da sociedade e á vez sentirse movido por un irreductible e solidario pulo de compenetración. O desterro en medio dos homes; a desgraza e o devorante enigma de amor: velaí o drama profundo no universo do poeta Xosé Cairo. Para min é un drama vivido con lucidez, con honrada reciedume, non sen certo orgullo e desdén. Hai poemas incisivos, desapiadados, irreductible a calquera outra expresión.

Poesía emocional do seu mundo interior o que nos ten acostumado co seu poemario anterior *Do xermolar...* sen querer encadrarlo nunha temática aprisionadora. Nestes 51 poemas, de verso branco, libre, mergúllase no idealismo voluptuoso do amor. Aquí está presente o ton propio, a forma íntima; todo moi lonxe dese aire enigmático calculado. Este poemario revela unha lingua viva, sensible.

Influencias na poesía de Cairo?, o importante non é ter influencias, senón saber asimilalas e convertelas en fontes creadoras propias. Reparos a *Da carraxe e da paixón*? Sen entrar en minucias que con frecuencia responden as apreciacións tan subxectivas que carecen de interese en todo xuízo que pretende ser obxectivo é máis ben unha mención positiva pois sabe manter, se se o propuxo, un ton fixo e elevado en todos os poemas, sen fraquezas.

Un libro cheo de confesións e verdades lace-rantes ata o seu final. Confesións que enaltecen e deixan ó vivo toda unha intimidade, sen rubor nin falsidades. O Dr. Cairo, como poeta, non conquistou o ridículo coas súa tenrura, escoitando ó corazón. Os seus poemas son verdadeiros exercicios creadores son o reencontro cos problemas dominantes das súas existencias, da nosa existencia que paga a pena ler.